

PROCEDEMENTO: CT207B –Axudas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais que favorezan a recuperación económica

ASUNTO: Resolución de inadmisión de solicitudes

### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

1. En data 17 de agosto de 2022, DOG núm. 115, publicouse a Resolución do 21 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais individuais, ao abeiro do programa Hub da Industria creativa galega, financiadas 100% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) dentro do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014 – 2020 como parte da resposta da Unión Europea á pandemia da COVID-19, e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2022 (código de procedemento CT207B).

2. Rematado o prazo de presentación das solicitudes o día 19 de setembro de 2022, procédese ao estudo das solicitudes xunto coa documentación complementaria presentada e se realizan os pertinentes requirimentos.

3. Como resultado da xestión de comprobación en data 10 de outubro de 2022 o Director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) propón a inadmisión a trámite das resolucións que se relacionan no anexo I por non reunir os requisitos para poder ser beneficiarias da axuda pola causa que se indica.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. No artigo 15 das bases reguladoras establécese que a dirección de Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e correspóndello realizar, de oficio, antes actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales de debe pronunciar a resolución, así como formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

2. O artigo 18.2 das bases reguladoras indica que a presidencia de Agadic deberá ditar resolución expresa no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución.

3. O artigo 2 das bases reguladoras, sinala como persoas beneficiarias, *“todas as persoas físicas (autónomas) ou xurídicas, constituídas como produtoras audiovisuais independentes dadas de alta cunha antigüidade mínima, e sen interrupcións, dun ano na epígrafe IAE 961.1...”*

4. O artigo 3 da convocatoria establece que para poder ser persoa beneficiaria da subvención deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II da resolución, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 10 das bases reguladoras. Aquelas solicitudes



que sexan presentadas sen consignar os documentos que se consideran obrigatorios no dito artigo non serán admitidas a trámite.

5. O artigo 10.1 das bases reguladoras establece a documentación **que terá a consideración de obrigatoria para os efectos de admisión de solicitudes.**

6. O artigo 2.9 das bases reguladoras establece que non poderán optar a estas subvencións aquelas entidades que teñan acadado axuda para o desenvolvemento de paquetes de propostas audiovisuais ao abeiro do programa Hub da Industria creativa galega, dentro do eixe REACT- UE do programa operativo Feder Galicia 2014- 2020, na súa convocatoria para o ano 2022.

Por todo o que antecede RESOLVO

Inadmitir as solicitudes que se relacionan no anexo I

A presente resolución de concesión de subvencións pon fin á vía administrativa, consonte á Lei 4/2008 do 23 de maio, de Creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e contra dela poderase interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

Recurso potestativo de reposición ante a Presidencia do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas).

Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto (artigo 46 da Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso administrativa).

Notifíquese a presente resolución aos interesados, de conformidade co establecido na Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O Presidente do Consello Reitor da Agadic

Román Rodríguez González



**ANEXO I**  
**RELACIÓN DE EXPEDIENTES INADMITIDOS**

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	CAUSAS DE INADMISIÓN
CT207B/ 2022/20	ROMINA LAURA DOCE BLANCO	***2050**	INTERCÉLTICO	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/21	PARTYSONGO, SL	B70603790	AQUAGYM	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/22	ASER ÁLVAREZ GONZALEZ	***1953**	Julio Camba. La rana viajera	Artigo 2 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/23	ASER ÁLVAREZ GONZALEZ	***1953**	On the track of Murrieta.Graham Greene through Spain and Portugal. No camiño do Murrieta. Graham Greene por Esp. e Portg.	Artigo 2 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/26	REBORDELOS, SL	B70544010	LEBRESCURA	Artigo 2 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/30	MATRIUSKA PRODUCCIONES, SL	B36486140	FRANK SOUTELO, INVESTIGADOR PRIVADO	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/33	VACA FILMS STUDIO, SL	B15870561	FINISTERRE	Artigo 2.9 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/34	REBORDELOS, SL	B70544010	ATLÁNTICO CEO	Artigo 2 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/36	SUN LUA, SL	B15407422	A senda escura	Artigo 2 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/38	SUN LUA, SL	B15407422	Salvadora	Artigo 2 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/46	ALVARO LISTA FERNÁNDEZ	***9678**	Land art, arte e natureza	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/47	RAÚL CAPDEVILA MURILLO	***1303**	Esmola	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/49	FRANCISCO J FERNÁNDEZ ABREU	***6349**	Supermeiga e anel	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/53	AINE PRODUCTIONS, S.L.	B70433032	SIGNIFICA FELIZ	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/54	UNDODEZ, S.L.	B70327804	LITO	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras



Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	PROXECTO	CAUSAS DE INADMISIÓN
CT207B/ 2022/56	MIRAVEO ASSETS, S.L.	B70567185	A molécula que move o mundo	Artigo 2 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/57	FERNANDO LÓPEZ PÉREZ	***6620**	"O Apalpador"	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/58	ALFONSO DIEZ VEIGA	***3110**	PECADOS INMORTAIS"	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/59	ASTRAGALO STUDIO SL	B32410482	RED HAT	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/61	ASTRAGALO STUDIO SL	B32410482	AS AVENTURAS DO PROFE SOSTI	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/63	ASTRAGALO STUDIO SL	B32410482	LAS AVENTURAS E INFLA E SUFLA	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras
CT207B/ 2022/64	RECREA FILMS, S.L.	B70446786	RESURRECTION	Artigo 3.1 da Convocatoria e artigo 10.1 das Bases reguladoras

